

Convocatoria pública para cubrir a vacante de xuíz/a de paz titular de Rianxo

ANUNCIO

Expediente: 2024/X999/001012

En cumprimento do acordo adoptado por Resolución de alcaldía número 740/2024, de data 20/08/2024, faise pública a convocatoria para cubrir a vacante de xuíz/a de paz titular deste municipio, que se rexerá polas seguintes bases:

**a) Requisitos dos candidatos.** Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

**b) Presentación de candidaturas.** As persoas interesadas en optar ao cargo presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

**c) Documentos que se achegarán á solicitude:**

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
- Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo de Xuíz de Paz.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo.
- Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.

Rianxo, 20 de agosto de 2024

O alcalde, Julián Bustelo Abuín